

MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL

das xornadas de cultura mariñeira “Muros mira ao mar” 2026

BASES DE PARTICIPACIÓN

INFORMACIÓN XERAL

Datas: venres 10, sábado 11 e domingo 12 de xullo de 2026.

Lugar: varias rúas e prazas do Concello de Muros

Horario: de 11.00 h a 23.00 h (venres e sábado) e de 11.00 h a 20.00 h (domingo).

Prazo de inscrición: ata o **22 de maio** de 2026

CALES SON OS PASOS A SEGUIR?

- 1) Aconséllase ler detidamente o presente documento coas condicións de participación e solicitude dun posto no Mercado Mariñeiro Tradicional ‘Muros Mira ao Mar’, co fin de ter presentes os dereitos e obrigas como participantes e evitar posibles confusións.
- 2) Enviar o formulario de inscrición que atoparás no seguinte enlace <https://inscricions.culturactiva.org> **debidamente cuberto** (lembra que o envío do mesmo implica a aceptación da presente normativa de participación no Mercado Mariñeiro Tradicional ‘Muros Mira ao Mar’).
- 3) Unha vez rematado o prazo de inscrición e unha vez feita a selección dos participantes, **a partir do 28 de maio** a organización poráse en contacto **cos postos seleccionados** para facilitarlles o número de conta onde poder realizar o pagamento e, polo tanto, formalizar a súa participación.
- 4) É requisito imprescindible ter realizado o pagamento correspondente para a participación no Mercado Mariñeiro Tradicional ‘Muros Mira ao Mar’.

QUE HAI QUE TER EN CONTA PARA INSCRIBIRSE?

Participación e criterios de admisión:

- A participación será para os 3 días completos das Xornadas Mariñeiras ‘Muros Mira ao Mar’: venres 10, sábado 11 e domingo 12 de xullo de 2026 (ver horarios máis abaixo).
- A participación consistirá na posibilidade de colocación dun posto ou parada onde expoñer e vender diferentes produtos artesanais, naturais, ecolóxicos, antigüedades, terapias alternativas, gastronómicos ou aqueles outros aceptados pola organización do Mercado.

- Os/as interesados/as deberán cumprimentar o formulario de inscrición que está disponible no seguinte enlace <https://inscricions.culturactiva.org>, e deberán enviar fotos do posto e do seus produtos, así como a documentación nel requirida.
- **Terán preferencia na participación** aqueles postos inscritos que:
 - a) Teñan relación directa co mar ou coa temática e/ou produtos mariñeiros.
 - b) **Ofrezan como actividade complementaria**, unha **mostra de traballos artesanais**: cantería, zapatería, redeiras, talla de madeira, maquetismo, ferreiro, panadeiro, etc.... (só implicaría estar no posto traballando a determinadas horas e atendendo ás preguntas dos asistentes), non sería un obradoiro, senón unha mostra do voso traballo.
 - c) Realicen co público asistente algún tipo de **actividade** como degustacións, obradoiros, etc.
 - d) Empreguen o **galego** nas cartas de prezos, rótulos do posto, etiquetado dos produtos e na atención ao público.
- A participación en edicións anteriores do Mercado non da privilexio nin prioridade algunha para a participación na presente edición.
- A admisión dos postos inscritos deberá ser confirmada pola Organización, quen poderá desbotar calquera solicitude no caso de non axustarse ou non cumprir os requisitos mencionados neste documento.
- Non se admitirán inscritos que por conta propia realicen o ingreso da cota sen a confirmación por parte da Organización.
- A Organización reserva para si o dereito a non aceptar a solicitude de inscrición por motivos de espazo, características do solicitante, produto exposto, etc. ou ben o formulario non estea completa e correctamente cuberto.
- É responsabilidade de cada participante cumprir e estar ao día coa normativa legal, fiscal e laboral vixente. Esta documentación terá que acompañar ao participante durante a celebración do Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar' podendo ser solicitada en calquera momento pola Organización ou as autoridades competentes, quedando a Organización exonerada de toda responsabilidade no caso de incumprimento da mesma.
- Todos aqueles postos gastronómicos que participen no Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar' deben cumprir, ademais, coa normativa sanitaria vixente na data do evento, quedando a Organización exonerada de toda responsabilidade en caso de incumprimento da mesma.

DE CANTO ESPAZO SE PODE DISPOÑER E CANTO CUSTA?

- Cada participante poderá dispoñer dun espazo de 3 metros de lonxitude por 2 metros de profundidade. Excepcionalmente, serán tamén admitidos os postos de 3mx3m, dependendo do espazo dispoñible.

- Dadas as características das diferentes rúas e prazas do Concello de Muros empregadas para a realización do Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar', é moi importante indicar correctamente no formulario de inscrición as dimensións do posto/estrutura, para unha correcta localización e reparto dos diferentes participantes polo espazo.
- O custe de participación pola **totalidade dos 3 días** son:
 - Para os postos NON gastronómicos de ata 3x2 metros será de 61,98€ + IVE=75 € (IVE incluído).
 - Para os postos GASTRONÓMICOS onde se venda comida, que non superen os 3 metros, é de 90,91+IVE= 110 € (IVE incluído).
 - Para aqueles postos que precisen máis espazo, deberán contratar 2 espazos tendo en conta que a cota de participación será o dobre do establecido.
 - Se o posto ten outras medidas deberase indicalo no formulario, sendo o importe a pagar o proporcional segundo as medidas.

CO ENVÍO DO FORMULARIO DE INSCRICIÓN XA SE PODE PARTICIPAR NO MERCADO?

A resposta é NON.

- É necesaria a confirmación, por parte da Organización, da admisión como participante no Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar'. Esta confirmación chegará a partir do **28 de maio** por correo electrónico ao mesmo que foi especificado no formulario de solicitude.
- A maiores, deberá formalizarse a participación co pagamento da correspondente cota segundo o tipo de posto que teñas e no prazo establecido para tal fin.

QUE TIPO DE DECORACIÓN E VESTIMENTA PRECISO PREPARAR?

- Tómase como referencia un mercado galego do século XIX, polo que a decoración e vestimenta deberá ir nesta liña, evitando cores e motivos ornamentais que non existisen nesa época.
- Ademais, a temática é mariñeira, polo que é un requisito **imprescindible** que a decoración tanto do posto como dos participantes sexa acorde a isto mesmo. **Non está permitido** ningún tipo de decoración nin vestimenta que faga lembrar unha feira medieval, sendo este un motivo para proceder a desmontar o posto en caso de non telo en conta previamente.
- Para a decoración do posto pódense empregar redes, apeiros de pesca, cunchas... e todo aquilo que vaia en consonancia co Mercado, tendo en conta que as cores predominantes deberán ser o beixe, azul ou branco, prestando especial atención aos postos que teñan carpa.
- En canto á vestimenta, non deixes de botar un ollo ás edicións anteriores do Mercado para poder facerte unha idea, aquí podes atopar imaxes: https://www.youtube.com/watch?v=dHIHkPTs_gA&t=98s e <https://www.youtube.com/watch?v=9LzsNPhzfp8>. Verás que son cousas sinxelas.

- É importante que, xunto co formulario de inscrición, sexa enviada algunha foto para poder valorar a decoración e telo en conta como criterio de elección dos postos.

CALES SON OS HORARIOS?

- A montaxe dos postos comezará o **xoves 9 de xullo a partir das 19.00 h.**
- O horario de venda será de 11.00 h a 23.00 h para o venres 10 e sábado 11 de xullo, e de 11.00 h a 20.00 h para o domingo día 12 de xullo.
- Establécese como período de descanso entre as 15.00 e as 18.00 horas cada un dos días, aínda que non é obrigatorio realizalo.
- A desmontaxe do posto comezará unha vez finalizado o Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar', nunca antes. É dicir, poderase desmontar a partir das 20.00 h do domingo día 12 de xullo .
- É moi importante respectar os horarios de apertura e peche do Mercado Mariñeiro, así como os de montaxe e desmontaxe.
- Será responsabilidade dos participantes deixar o espazo do seu posto recollido e sen restos de desperdicios, unha vez remate o mercado.
- Estes horarios poden verse modificados pola Organización, que informará debidamente dos posibles cambios aos distintos participantes.

COMO SEI ONDE TEÑO QUE MONTAR O POSTO?

- Haberá alguén da Organización para recibirvos e indicaros o espazo reservado para a vosa montaxe. Os espazos tamén estarán marcados no chan para cada posto, tendo en conta as medidas reservadas.
- A distribución dos diferentes postos polas rúas e prazas de Muros, será realizada pola Organización en colaboración ca Comisión organizadora das Xornadas de Cultura Mariñeira 'Muros Mira ao Mar' do Concello de Muros, tendo en conta os criterios de selección e os participantes do tecido asociativo local que tamén estarán presentes no Mercado.
- **Non existe a posibilidade de seleccionar** nin modificar a túa posición no Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar'.
- A Organización poderá recolocar a algún participante no mesmo momento da montaxe se o bo funcionamento do mercado así o requirise.
- É imprescindible respectar as medidas do espazo asignado a cada posto e as marcas que o delimitan, non podendo ser sobrepasadas.
- Os/as participantes teñen que facerse cargo de aportar a **totalidade** do material que van precisar para o seu posto (estantes, redes, mesas, cadeiras, ferramentas, etc.).

- O Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar' contará con algunha toma de auga, así como varios puntos de toma de corrente eléctrica repartidos polas diferentes zonas do Mercado. Para facer uso da mesma, cada participante deberá ter a súa alongadeira (20-25 m). Os enganches ás tomas deberán facerse en paralelo evitando dificultar coas alongadeiras a zona de paso dos asistentes ao Mercado. Isto ten como finalidade mellorar a accesibilidade ao público asistente e evitar posibles accidentes.

INFORMACIÓN ADICIONAL

- Se precisas aclarar algunha dúbida ou queres enviar algunha documentación, podes contactar coa Organización por correo electrónico ao enderezo: mercadomuros@gmail.com ou ben por teléfono ao 656785469.
- Non está permitido en ningún caso ceder, alugar ou vender o posto a terceiros e unha vez comece o Mercado, non existe posibilidade de devolución da cota de inscrición.
- Unha vez formalizada a participación, no caso de non asistir ao Mercado e solicitar a baixa na inscrición por escrito, o/a solicitante perderá o importe da cota depositado, sempre e cando non sexa ocupado o seu posto por outro participante seleccionado pola Organización ou non se puideran xustificar motivos de forza maior.
- A Organización resérvase o dereito a realizar cantas modificacións na normativa sexan necesarias para o bo desenvolvemento do Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar', así como a ampliación do prazo de inscrición sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- En caso de climatoloxía adversa, o Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar' levarase a cabo nas mesmas condicións.
- En canto á seguridade, a participación no Mercado Mariñeiro inclúe un Seguro de Responsabilidade Civil por parte da Organización do Concello de Muros durante a duración do mesmo, incluídas a montaxe e desmontaxe. Este seguro **NON** inclúe roubos, danos ou perdas de produtos, polo que a Organización non se responsabiliza dos mesmos.
- Non será necesaria a montaxe e desmontaxe de estruturas en cada un dos días de realización do Mercado Mariñeiro logo da súa finalización; Si será necesaria, por contra, a decoración e material de venda, baixo o criterio de cada participante, xa que **NON** haberá servizo devixilancia.
- A Organización non se fai responsable dos produtos vendidos/consumidos en cada posto. No caso de existir reclamacións por parte do público asistente, as mesmas serán redirixidas á empresa ou persoa expositora responsable.
- Tanto a Organización como o Concello de Muros realizarán unha reportaxe fotográfica e de vídeo durante a realización do Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar' coa fin tanto de arquivo documental como de promoción e difusión das Xornadas de Cultura Mariñeira, polo que serán empregadas como estimen oportuno, tanto durante como despois do mercado. Co participación no Mercado Mariñeiro Tradicional 'Muros Mira ao Mar' acéptase este punto en canto a dereitos de imaxe.